

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A REAL SOCIEDADE ESPAÑOLA DE FÍSICA (RSEF) PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA OLIMPIADA DE FÍSICA E PARA O SEU RECOÑECEMENTO COMO ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

**DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar coa Real Sociedade Española De Física (RSEF) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o día seguinte da súa sinatura, cun período de vixencia de catro anos desde esa data, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes cunha notificación á outra con dous meses de antelación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*O recoñecemento como actividade de innovación educativa da preparación e acompañamento do alumnado participante na Olimpíada de Física, tanto nas súas fases locais como na nacional.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES  
Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número2; Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela  
981 546 503  
[dxoie@xunta.gal](mailto:dxoie@xunta.gal)



Que é de interese tanto para a Consellería como para a Real Sociedade Española De Física establecer un programa de acción para incentivar e mellorar o ensino e a aprendizaxe da física, así como profundar nos coñecementos destas materias no marco do ensino secundario, nos centros de Galicia, a través da organización e desenvolvemento da Olimpíada de Física.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

Judith Fernández Novoa

